



CONCELLO DE REDONDELA

**SESION EXTRAORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE CEDEIRA,  
CELEBRADA O DÍA 30 – SETEMBRO – 2013**

**ORDE DO DIA**

**1.- ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS.-**

No Centro Cultural de Cedeira, sendo as vinte horas e corenta e sete minutos, do día trinta de setembro de dous trece, reúnense, baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, da concelleira DONA.ANA MARIA ALONSO ALONSO, asistindo:

**GRUPOS POLITICOS:**

PP – MARIA DEL CARMEN AMOEDO DASILVA

PSOE – MARIA DEL CARMEN ALONSO LAGO

B.N.G. - XOAN CARLOS GONZÁLEZ CAMPO

A.E.R. - ALFONSO BLANCO PÉREZ

**AA.VV.:**

ISABEL ALONSO LEMOS

CARLOS COVELO SOLLA

**ASOCIACIÓN CULTURAS:**

JUAN JOSÉ COMESAÑA LÓPEZ

VICENTE LAMAS GUISANDE

PLÁCIDO COUÑAGO MOSQUERA



CONCELLO DE REDONDELA

**COMUNIDADE DE AUGAS:**

ANTONIO COVELO VILLAVERDE

EDUARDO CORUGEIRA VIEITEZ

**ASOCIACIÓN DEPORTIVAS:**

ROBERTO CABALEIRO RIVEIRO

**COMUNIDADE DE MONTES:**

CARLOS GRAÑA VILARES

BERNARDO ALVAREZ DOS SANTOS

**ASOCIACIÓN NAIS E PAIS:**

BELEN LAMAS DOMINGUEZ

E actuando como Secretario do Consello, o funcionario de carreira JUAN MANUEL GARCÍA RODRÍGUEZ, se constitúe o Consello Parroquial de Cedeira, convocado para o día de hoxe, en xuntanza extraordinaria.

**INCIDENCIAS.**- Non asistiu o representante da AA.VV ANTONIO LORES FRANCO. Asiste con voz e sen voto, a concelleira Erminda Quelle Fernández.

Aberto o acto pola Presidencia, procédese a tratar o único punto da Orde do Día.

**1.- ORZAMENTOS PARTICIPATIVOS.-**

Pola Presidencia ponse de manifesto ao Consello cal é a finalidade dos orzamentos participativos, o seu importe por parroquia, 13.500,00 euros, IVE engadido,



## CONCELLO DE REDONDELA

e que as obras ou servizos teñen que estar rematados e presentada a factura no Concello antes do 15 de decembro do ano que andamos.

Polos representantes do Consello expónse a escasa marxe de tempo para escoller obras ou servizos a realizar con estes orzamentos, casi que sen tempo para poder reunirse entre eles.

Pola concelleira Alonso Alonso maniféstase que as inversións ou actuacións teñen que realizarse en terreos ou edificios de propiedade municipal e sinala que noutros Consellos acordáronse realizar alumados, adquisición e instalación de biosaludables, pavimentacións pequenas, instalacións de sinais, vadéns, ... etc.,

Pola representación da asociación veciñal, se manifésta que dende setembro do 2011, fixéron unha serie de reivindicacións e necesidades prioritarias, como o saneamento, etc., para a parroquia e que non tiveron contestación.

Pola concelleira Alonso Alonso maniféstase que hai unha partida de saneamento nos orzamentos municipais por importe de 290.000,00 euros para este ano para inversións.

Polo concelleiro do grupo municipal do B.N.G., González Campo, maniféstase que o Concello ten a obriga de seguir facendo obras na parroquia, a pesares destes orzamentos.

Respecto aos orzamentos participativos, pregunta quen vai a facer as obras, o Concello ou teñen que encargarse delo o Consello Parroquial. Remata sinalando que dous meses e medio, que é o tempo que queda para contratar e facer as obras, é pouco, e as decisións hai que tomalas xa.

A Presidenta do Consello resposta que contratar, o vai a facer o Concello e será este o que pagará ao contratista, o que debe facer o Consello e decidir as inversións e participar en solicitar presupostos, coa finalidade de ir adiantando tempo.

Polo representante das Asociacións Culturais, Lamas Guisande, maniféstase que se vai reivindicar que se instale caucho nos parques infantís e que se adacenten.

Que se instalen vadéns.

E, precísase que se canalizen as augas diante da entrada do Colexio, porque cando chove se desbordan, feito corroborado pola representante da ANPA, Lamas Domínguez, que manifesta que cando chove se atascan as arquetas coas follas, e teñen que andar eles a desatascalas, por iso a canalización é necesaria e redundaría en beneficio de toda a parroquia.

Así mesmo o representante das asociacións deportivas, Cabaleiro Rivero, manifesta que hai dez veciños en Rande que non teñen auga nas súas vivendas, sendo



## CONCELLO DE REDONDELA

este un servizo necesario e obrigatorio, e que con estes orzamentos participativos poderíalles solucionar o problema.

Polo representante da Comunidade de Augas, Corugeira Vieitez, maniféstase que non ten constancia desas solicitudes.

Tamén o representante das Asociacións Deportivas, Roberto Cabaleiro Riveiro, manifesta que o Consello e a ferramenta de que dispón a parroquia para debater os problemas da parroquia, e transmitirlos ao Concello, e estes cartos, 13.500,00 euros deben gastarse en algo que redunden en beneficio de todos os veciños da parroquia, sinalando que os paneis informativos, si redundan en beneficio de todos, e o presuposto non é moi alto, logrando con elo que a información da parroquia se difunda, evitándose a pegada de carteis en farolas, marquesinas e calquera parede que se atopa, emporcando a parroquia.

Polo representante da AA.VV., Covelo Solla, maniféstase que esta asociación ven facendo reivindicacións dende fai tempo, como asfaltado de camiños pequenos (Camiño de Quintá, das Grilas, etc.)

Así mesmo indica que o Camiño de A Portela, foise todo abaixo coas choivas, calquera día haberá unha desgracia e logo o lamentaremos.

Continúa sinalando que no cruce do Camiño do Souto-Cadaval, a barandilla ten o pé colgado, precisa arranxo.

Pola representante do Grupo Municipal do PP, Amoedo Dasilva, se sinala que a parte d arriba da ponte é municipal, a titularidade da ponte é de ADIF. Continúa indicando que foron a ver o sitio xunto con ADIF o derrumbado, e poden dar autorización para canalizar as augas, asfaltar e facer un paso máis seguro.

Remata sinalando que segundo ADIF, a retirada da terra derrubada e arranxos hai que reclamarllo á empresa que pasou cos camións pesados e o estragaron.

Remata o representante da AA.VV., Covelo Solla, sinalando que quen contratou á empresa foi ADIF, é dicir que en última instancia estes son os responsables, e que para facer os muros non chegan os cartos.

De seguido polo representante da Comunidade de Augas, Corugeira Vieitez,ponse de manifesto que nun trozo do camiño “Muradas”, puxeron o colector, e se está abrindo. Así mesmo solicita que hai que poñerlle a base ao colector que está na zona.

A representación da Comunidade de Augas no Consello manifesta que sería moi importante proceder a restaurar todas as fontes da parroquia, arranxalas e facer un rexistro delas, xa que a parroquia de Cedeira conta co maior número de fontes do Concello.



## CONCELLO DE REDONDELA

Pola Presidencia maniféstase que este arranxo está moi ben como aportación, pero existen máis prioridades para estes orzamentos participativos agora na parroquia, pero dende logo é unha cuestión a ter en conta.

Polo representante da AA.VV., Covelo Solla se manifesta que un tema demandado fai tempo, é a recuperación da “Escola da República”, e o seu adro para uso da comunidade. Reitera que este local non é propiedade da Igrexa.

Pola concelleira asistente ao Consello sen voto, Quelle Fernández, manifesta que vai chamar a AQUALIA polo “Camiño das Muradas”.

O Consello parroquial expón a posibilidade do parque infantil, detrás das porterías de fubito. **A representante do grupo político do PP, Amoedo Dasilva manifesta que dito traslado supón un custo aproximado de 4.000,00 euros,** e debe terse en conta a prioridade deste gasto.

Pola Presidencia maniféstase que si o Consello quere pode encargarse de solicitar os presupostos das inversións que se acorden, sinalando o representante do grupo político do B.N.G., Xoan Carlos González Campo, que para iso hai que ter tempo e invertilo nelo.

Sinala a concelleira Alonso Alonso, que unha vez realizadas as inversións as facturas, unha vez presentadas no Concello, estanse abonando no prazo dun mes.

O Consello Parroquial, por unanimidade dos seus membros, acordou incluír as seguintes obras e servizos nos orzamentos participativos de 2013:

CANALIZACION DE AUGAS Á ENTRADA DO COLEXIO PÚBLICO.

BASES CONTENEDORES DO LIXO

PANEIS INFORMATIVOS (5)

SINAL E ESPELLO

Como obra opcional, caso de que dean os cartos, **BARANDILLA BAIXADA ACCESO Á PRAIA DE RANDE.**

**BARRANDILLA EN EIRA PEDRIÑA, NA PONTE DA VÍA DO TREN**



## CONCELLO DE REDONDELA

Os representantes do Consello quedaron en reunirse para visitar a parroquia e determinar con exactitude os lugares onde se van a realizar as actuacións, e mirar o número de unidades que se solicitarán, o que farán o xoves día 3 de outubro, e o lúns, presentarán no Concello os presupostos que acaden xunto co número de unidades e lugares de ubicación.

E, non sendo outro o obxecto da presente xuntanza, pola Presidencia dase por rematada a mesma, sendo as vintedúas horas e vinte minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que exténdese a presente acta, da que, como Secretario do Consello, DOU FE.-

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

ANA MARIA ALONSO ALONSO

JUAN MANUEL GARCIA RODRIGUEZ